

## Comunicación sobre proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica, abril 2025 - 6%

Santiago, 10.04.2025

Dando cumprimento á modificación da resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da Corporación RTVG acordou participar en 5 das 17 propostas recibidas: 13 proxectos cinematográficos, 1 longametraxe de animación e 3 longametraxes documentais.

As 5 propostas seleccionadas corresponden a proxectos cinematográficos.

Dous proxectos son películas en versión orixinal galega e con equipo técnico e artístico netamente galego: *Adeus Berta*, será o debut de Fernando Tato como director nunha película cun sólido guión (gañador do XX Premio SGAE Julio Alejandro e Premio Emerxente D'A Film Lab Producers Meet Producers) que pon o foco na familia e as súas relacións e *Islandia*, a nova proposta de autor de Alfonso Zarauza, que aborda o tema do amor poñendo a mirada en dous personaxes ancorados na idea do seu pasado en Islandia.

As outras tres propostas constrúense en torno a diversas fórmulas de produción: Unha longametraxe en colaboración coa televisión pública de Aragón e baseada na novela homónima do escritor galego Antón Castro: *Cariñena, viño do mar*; unha coprodución internacional con Alemaña, *Os invitados*, que partindo dunha vivencia real ofrece un conmovedor relato de emancipación baixo a forma de road movie; e por último *Roubáchesme o corazón*, unha película de alto presuposto con ambición comercial que combina elementos tan poderosos como un atraco, o amor e unha persecución policial baixo o lema de “un atraco nos tempos de Tinder”.

A Comisión Directiva de Apoio ás Producións Cinematográficas acordou así a participación da Corporación RTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

"*Adeus, Berta*", *Adeus, Berta A.I.E*

*Adeus Berta* é un drama social pero non exento de toques de humor. A película aborda o conflito da coñecida como “xeración perdida”, que nos anos oitenta caeu no abismo das drogas e ofrece unha mirada persoal sobre os danos colaterais no seo da familia.

A historia cóntase a través dunha inmersión vital en dous focos onde transcorre a acción: A Pobra do Caramiñal e Santiago de Compostela, co obxectivo de que a película respire identidade e frescura. A música será outro elemento distintivo con sons naturais propios e coa presenza da música da época e moito rock “bravú”.

Na ficha artística nomes tan recoñecidos como Nerea Barros ou Susana Sampedro, Adrián Castiñeiras ou Xoel Fernández.

O proxecto ven avalado pola mestura entre o talento emerxente e a traxectoria máis sólida da súa produtora executiva, Chelo Loureiro.

Desde o punto de vista financeiro, a película ten un presuposto medio que parte co impulso dos premios de guión referidos e do acordo de distribución con Disney, e aspira a completar o plan de financiamento coas axudas de AGADIC e ICAA.

Proposta de achega por parte da TVG: 126.000.-€

*"Islandia" de Matriuska Producciones, S.L.*

Trátase da nova proposta autoral de Alfonso Zarauza, un filme de madurez centrado nuns personaxes que transitan entre dous espazos e que transmiten os seus estados de ánimo dunha forma contemplativa e evocadora.

Con rodaxe no poboado mineiro de Fontaos, en Vila de Cruces, e pinceladas da grandeza paisaxística de Islandia, a película ambiciona pechar unha coproducción internacional. O proxecto conta xa co apoio de AGADIC e o preacordo de distribución con BTEAM Pictures, e aspira a acadar tamén a axuda de ICAA e o apoio de TVE.

O obxectivo de contar con actores e actrices coñecidas internacionalmente como Luis Tosar ou Hálldora Geirharosdottir é conseguir que sexa un filme de autor que chegue a algún dos grandes festivais serie A.

Proposta de achega por parte da TVG: 126.000.-€

*“Cariñena. Viño do mar”. Producións A Fonsagrada, S.L.*

“Cariñena, viño do mar” é unha adaptación da novela “Cariñena” do autor galego Antón Castro, premio Nacional de Xornalismo Cultural. Trátase dunha road movie de iniciación que relata a historia dun mozo galego que fuxe do servizo militar e viaxa a Zaragoza onde vivirá

unha historia de amor compartindo as ansias de liberdade que representan a toda unha xeración.

Unha viaxe de Galicia a Cariñena con rodaxe en localidades como Silleda, Ponte Maceira, Taboada, Praia San Miro (Bergantiños-Malpica) ou o Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro.

A longametraxe, unha coprodución de Producións A Fonsagrada, S.L. con Varykino Films, S.L. enmárcase dentro da liña de colaboración coas televisións autonómicas. Neste caso o proxecto constrúese cos apoios tanto da Televisión como do Goberno de Aragón e contempla ademáis a incorporación de TVE e unha plataforma por determinar.

Proposta de achega por parte da TVG: 80.000.-€

*"Os Invitados " Frida Films, S.L..*

“Os invitados” é unha historia da Europa moderna e será a segunda obra de dous directores noveles, Cristina Diz e Stefan Buzmülhen con traxectoria en festivais internacionais .

Unha emotiva road movie que trata sobre a migración, o empoderamento feminino e os conflitos interculturais durante os anos 70, na que teñen especial relevancia as relacións que unen a vivos e mortos.

Trátase dunha coprodución internacional con Alemaña enmarcada dentro da tradición arthouse europea, que conta co apoio de AGADIC e ICAA e con acordos de distribución importantes, tanto a nivel nacional como internacional (Avalon Distribución Audiovisual, S.L. e The Match Factory, Gmbh e Mubi, Inc), que indican un gran potencial de difusión e alcance internacional.

A rodaxe en Galicia está prevista en diversas aldeas do interior de Ourense (Vila, Soutelo, Cerdedo ou Calvelo) con presenza no elenco principal e secundario de actores galegos.

Proposta de achega por parte da TVG: 80.000.-€

*"Roubáchesme o corazón" Ficción Producciones, S.L..*

Trátase dunha comedia romántica de acción. A película contén elementos esenciais para captar a atención do espectador: unha historia de amor, un plan para roubar e unha persecución policial.

A película diríxese a un público mozo adulto co gancho de dous actores protagonistas que gozan de grande popularidade: Óscar Casas e Ana Jara, arroupados por un elenco galego moi recoñecido.

As localizacións de rodaxe poñen en valor o Entroido de Verín e Laza e a paisaxe de lugares como San Vicente do Mar.

A película conta cun orzamento alto apoiado polo ICAA e os fondos do Hub Galicia. Está en negociacións para pechar un importante acordo de distribución internacional e aspira a incorporar os apoios de TVE e Amazon Prime.

Proposta de achega por parte da TVG: 130.000.-€